

## **ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31 DE MAIO DE 2012.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trinta e un de maio de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado  
D. Jesús Vázquez García  
D. Domingo Fuentes Rocha

### **Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo

### **Grupo municipal do Partido Popular (PP):**

D.<sup>a</sup> Antonia M.<sup>a</sup> Sanjurjo Seijas (voceira)  
D.<sup>a</sup> Silvia M.<sup>a</sup> Vázquez Cardelle  
D.<sup>a</sup> Isabel Prado Gómez  
D. Alberto Feijoo Rodríguez  
D. Fernando Abruñedo Fernández

### **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

D. Antón Sánchez García (voceiro)  
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

### Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz  
O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

## ***ORDE DO DÍA***

- 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2012.**
- 2.- ASUNTOS URXENTES**
- 3.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**
- 4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

## **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2012.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión do día 26 de abril de 2012. A Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular; a Sra. voceira do PP, manifesta que hai un erro de transcripción no punto primeiro, aprobación de actas, aparece unha sesión anterior ás que veñen para a súa aprobación nesta sesión plenaria. Subsanado o erro apróbanse por unanimidade.

## **2.- ASUNTOS URXENTES**

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta ós/a voceiros/a dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

O Sr. voceiro do BNG manifesta que o seu Grupo presenta unha Moción para a colocación na páxina web do Concello de Bergondo, das gravacións dos plenos; xustifica a súa urxencia en que xa levan tempo pedindo medidas para mellorar a transparencia na vida política en Bergondo e esta é unha mais, polo que non ven inconveniente para facelo canto antes.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos trece concelleiros asistentes, que constitúen a totalidade da Corporación, declara a súa urxencia, pasando seguidamente a debatelo.

O Sr. voceiro da lectura á moción presentada.

### **2.1.- MOCION PARA A COLOCACIÓN NA PÁXINA WEB DO CONCELLO DE BERGONDO DAS GRAVACIÓNS DOS PLENOS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

*“Juan Antonio Fariña Pedreira, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.), de acordo co previsto no art. 97.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, e aos efectos da súa toma de coñecemento e, no seu caso, debate e votación, polo Pleno Municipal Ordinario convocado para o día 31 de maio de 2012, presenta seguinte MOCIÓN:*  
**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Defendemos a democracia participativa e a transparencia en todos os ámbitos da política. Porque o que se trata nas sesións plenarias neste Concello son cousas que afectan a toda a veciñanza e porque os veciños e veciñas teñen dereito á maior cantidade de información que sexa posible, sempre que iso non afecte ao correcto funcionamento da administración local.*

*A colocación das gravacións das sesións plenarias na páxina web do Concello de Bergondo suporía profundizar nese camiño de transparencia e nunha maior participación da cidadanía na política local, e non existe ningún elemento técnico insalvable que o desaconselle ou impida. Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*.- Que se proceda a colgar periodicamente, e coa maior axilidade posible, na páxina web do Concello de Bergondo, as gravacións efectuadas nas sesións plenarias por medios municipais. Bergondo, a 30 de maio de 2012.Asdo.”*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: por parte do grupo socialista, como Alcaldía, non vemos que isto vaia a redundar nunha maior participación dos cidadáns, e reiterámonos naquilo dito na contestación a un rogo que presentaron, é que á día de hoxe temos un pleno mensual e xa somos bastante áxiles colgando esas actas na páxina web; incluír todo isto a maiores ocasionaríanos algún trastorno e, ademais, o informático está a piques de rematar o contrato e estamos tamén cos últimos traballos da Sede electrónica.

Cremos tamén que os plenos fanse a unha hora axeitada para que os veciños poidan acudir, non como noutros concellos. Incluso se poderían tratar temas que poderían afectar aos dereitos dos particulares, entón se daríase a circunstancia de que por protección de datos non debería figurar algún tema nas actas, algo que non poderíamos omitir nunha gravación; polo tanto, a postura do partido socialista vai ser votar en contra desta moción.

A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP e di: alude vostede nesta moción á transparencia e democracia participativa, e eu non creo que colgando as gravacións que se fan dos plenos se fomente para nada nin a transparencia nin a democracia participativa, en tanto que os cidadáns van escoitar o que agora poden ler e nada mais, a non ser que vostede dubide de que a transcripción que se fai dos plenos sexa a correcta. O que se trata nas sesións afecta aos veciños e teñen dereito á maior cantidade de información posible, non teño ningunha dúbida ao respecto, e como tal os plenos son públicos e calquera veciño ten dereito a asistir; aí si podería ver, escoitar e percibir os xestos e actitudes dalgúns membros desta corporación.

O que si creo que deberíamos esixir da nosa alcaldesa, ou do equipo de goberno, que nos informe tanto a través do Pleno, como calquera outra canle que considere oportuna, dos proxectos existentes neste concello, si é que existen, os proxectos que teñan entre mans, e desta maneira si que teríamos unha mais e mellor información, e xa que vostede defende a transparencia e a democracia participativa a este grupo gustaríalle que as mocións se levaran ás Comisións Informativas como fan noutros concellos, para así entre todos poder discutilas e enriquecelas coas aportacións. O noso voto vai ser en contra á moción, que non sei moi ben se está presentada polo BNG ou por AdB que, en calquera caso, AdB non é unha agrupación elixida democraticamente.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB que manifesta: non sei se recordan vostedes, no ano 2007 o grupo municipal Veciños de Bergondo presentou unha moción para poder facerse esta corporación cun aparello para poder gravar os plenos e transcribilos con maior rigorosidade ás actas que despois tiñamos que aprobar. Isto foi unha proposta nosa para que, ademais, esa transparencia, da que agora parece que todos nos acordamos, da vida municipal fora o mais real

posible. De aí a colgar nunha páxina web o que se fala, cando, como di a alcaldesa, temos plenos mensuais e as actas entréganse en menos dun mes, se iso cree vai facer mais a participación cidadá, oxalá teña sorte pero o noso voto é en contra.

Sr. voceiro de BNG: pois penso que son escusas para non facer isto, non hai ningún impedimento, non leva mais de cinco minutos colgar unha gravación dunha acta, son simplemente escusas. Nós cando VB presentou aquela moción apoiámola, xa nos tiñamos presentado en xullo de 2007 unha proposta de regulamento de participación veciñal onde se incluían mecanismos coma ese para facilitar a participación da xente.

Cando alguén fala de gravacións e de que xa están escritas, pois mire, iso é como a prensa, nun país libre hai prensa escrita, hai radio, hai televisión, e todo o conxunto da oferta de información é o que facilita que a xente polo que mais lle guste, acceda a ela; poñerlle límites a iso denota unha falta de ambición en mellorar a democracia e a participación; alá cada un coa súa decisión política e a explicación que terá que dar aos veciños.

Con respecto á privacidade; os plenos, Sra. alcaldesa, son públicos e hai sentenzas que avalan a gravación dos plenos para despois colgar onde sexa, hai sentenzas que así o avalan, polo tanto non hai ningún impedimento nin legal nin técnico para levar a cabo esta medida de apoio da participación da xente.

Sra. alcaldesa: como vostede ben di, os plenos son públicos e hai sentenzas que o avalan; igualmente tamén hai sentenzas que din o contrario, e se afondamos un pouco mais, incluso poderíamos chegar a falar de que isto nin sequera debería ser considerado como unha moción, senón que non é competencia do Pleno decidir se se deben gravar ou non as actas e se se deben colgar.

Sr. voceiro de BNG: ¿de quen é?

Sra. alcaldesa: é competencia da Alcaldía, non é unha competencia plenaria.

Darlle contestación tamén a unha proposta que facía a Sra. voceira do PP, con respecto á inclusión nas Comisións Informativas; a orde do día tamén é unha competencia da Alcaldía e sería perfectamente válido incluír as mocións nas comisións informativas e plantexarase no Regulamento orgánico de funcionamento do Pleno, dando cabida a que as mocións presentadas en tempo e forma polos diferentes grupos políticos, nun número determinado, se poidan levar xa á comisión informativa, esa é a idea na que se está a traballar á día de hoxe, e efectivamente nas comisións debateríase, ou faríase como vostede ben di.

Sra. voceira do PP: creo que redundaría en beneficio de todos.

Sra. alcaldesa: si, independentemente que poida haber algún asunto urxente, sobre todo cando temos un prazo dunha semana dende a Comisión informativa ata o día do Pleno.

Sr. voceiro de BNG: que sexa competencia da Alcaldía, non significa que non se poida decidir en Pleno, só depende da vontade do Pleno que se faga así.

Con respecto a traer as mocións, paréceme perfecto que o fagamos todos así, eu tamén teño recibido mocións do Partido Popular sen vir á Comisión informativa, non pasa nada e non hai problema en presentalas nas comisións cando sexa, pero bo, incidir niso; incidir en que todos os medios que faciliten que a xente poida saber o que pasa no seu concello para nós é positivo, e poñerlle trabas, e poñerllas á democracia.

A continuación procedese á votación a moción presentada polo BNG, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: catro (4) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) en contra; Grupo municipal do Partido Popular: cinco (5) votos en contra; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) a favor.

**Total: once (11) votos en contra, e dous (2) a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **non aprobada**, por maioría de votos en contra, a moción antes transcrita.

### **3.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 23 de abril ata o 25 de maio de 2012, numerados do 226/2012 ao 302/2012. O Pleno queda enterado.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Antes de dar paso os rogos e preguntas, a Sra. voceira do PP pregunta con respecto ao Decreto 270.

Sra. voceira do PP: na segunda partida; Axiña Servizos Deportivos por un curso de graffitis, gustaríanos saber onde se impartiu, a quen ía dirixido e cantas persoas foron beneficiarias.

Sra. alcaldesa: pois mire Sra. concelleira, se vostede formulara as preguntas tamén en tempo e forma, o día anterior, incluso ás referidas aos Decretos, lle podería contestar mais concretamente en canto ao número de persoas, que non o sei de memoria; tamén os lugares de realización do curso. É un curso que se leva impartindo durante todo este tempo, e non terei inconveniente en contestarlle mais adiante.

Sra. voceira do PP: as dúas que teño a continuación van no mesmo sentido, entón pediremos a través do Rexistro os expedientes.

Sra. alcaldesa: ou se vostede o presenta nos rogos e preguntas o día anterior teño a obriga de contestarlle no Pleno e o faría.

Sra. voceira do PP: pero é que estas son cousas repetitivas, eu entendo que o concelleiro encargado do tema debería saber cando e porque se impartiu. O resto aos que me refiro van no mesmo sentido, o Programa de prevención de educación no 285 e o curso de carretillas elevadoras; o que me chama a atención é que se estes cursos ¿os imparten a Asociación de empresarios ou o concello?, se os paga o concello.

Sra. alcaldesa: iso xa llo podo dicir, o fai o concello aínda que o imparte en distintos locais, de feito o local de usos múltiples é un local municipal que moitas veces se utiliza para impartición de cursos municipais pagados polo concello, por iso vai tamén na oferta que se lle fai chegar aos veciños aos fogares.

Sra. voceira do PP: con respecto aos Decretos non teño mais preguntas.

O Grupo municipal do Partido Popular, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 31 de maio, co núm. de rexistro de entrada: 3634; A Sra. voceira do dito grupo, pasa a expoñelos:

#### ROGOS:

*1.- Parroquia y lugar: Fiobre, después de la farmacia.*

*Incidencia: El tramo de acera a continuación de la farmacia sigue con las vallas. Se solicita su arreglo.*

Sr. concelleiro de infraestruturas, medio ambiente e vías e obras, F. Manuel Fafián Torreiro: hai que esperar un pouco, aí reparouse e abriuse, e aínda hai que esperar un pouco para reparar a acera porque non está subsanada de todo a traída; habiamos quedado cos veciños de Fiobre para o verano volver a abrir.

*2.- Parroquia y lugar: Mar do Caño. De Leis, Lubre a Samoedo, Sada.*

*Incidencia: Camino que va de Leis a Samoedo en mal estado y bacheado, a lo largo de un tramo de unos 100 metros. Se solicita reparación.*

*3.- Parroquia y lugar: Bergondo a Sta. Marta*

*Incidencia: Carretera que va desde la carretera Ferrol hasta la iglesia de Santa Marta, se encuentra en bastante mal estado, con baches profundos. Se solicita reparación.*

#### PREGUNTAS:

*1.- Con respecto al mercadillo ambulante que se va a realizar en Guísamo. ¿Se va a crear una ordenanza que lo regule?.*

Sra. alcaldesa: polo de agora so é un proxecto do que se está recabando información dos posibles interesados; iso é o que se esta a facer ao día de hoxe, tomando nota das persoas interesada. Farase un regulamento de funcionamento, xa veremos se despois facemos incluso unha taxa fiscal, ou non, para a utilización do viario. Será un mercado para favorecer aos produtores do concello, basicamente.

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presentou as súas Rogos e Preguntas o día 29 de maio, co núm. de rexistro de entrada: 3351. O Sr. voceiro do dito grupo, Antón Sánchez García, pasa seguidamente a formulalos; son os seguintes:

#### ROGOS:

*1) Comécese a tramitación do “Inventario de camiños, fontes e lavadoiros do Concello de Bergondo” segundo moción presentada polo BNG e aprobada polo Pleno.*

Continúa o Sr. voceiro do BNG: aprobouse o 24 de novembro de 2010, e foi por unanimidade, daquela, non sabemos se é por falta de vontade, por falta de capacidade, ou polas dúas cousas, pero é unha medida das que axudan a progresar ao concello, estas son as que merecen a pena aprobar; para o resto, o día a día, mellor os técnicos. Os que somos representantes dos veciños estamos aquí para este tipo de medidas.

Dicimos que é importante porque xera problemas entre os veciños; xera gasto aos veciños cando hai disputas pola titularidade de camiños, etc.; e tamén é a base para mellorar o noso patrimonio, para a posta en valor do concello, para a utilización deses camiños para sendeirismo, etc.. Non se fixo nada, esperemos que se faga canto antes, nós non perdemos a fe de que algún día se leve adiante.

*2) Parada de autobús en Cortiñán (dirección Betanzos). Habería que volver a ter acendida a farola que hai xusto a carón dela. A falta de luz provoca inconvenientes para os usuarios que agardan o bus xa que cando é noite teñen problemas para ser vistos por este cando pasa.*

*3) Parada de autobús Cortiñán (dirección Coruña), ¿valorouse a posibilidade de achegala adiante, tal e como se pediu nun pleno anterior?.*

Continúa o Sr. voceiro do BNG: quedamos en esperar un informe de Fomento, que parece que tampouco chega nunca, daquela hai que valorar a posibilidade se se pode acercar cara a estrada.

Sra. alcaldesa: seguiremos insistindo, entón.

Sr. voceiro do BNG: non, non hai que insistir nisto, hai que tomar a decisión, non hai que insistirlle a ninguén.

## PREGUNTAS:

*1) Situación e previsións do PXOM.*

Sra. alcaldesa: o mais probable é que a semana que ven, convoquemos a Comisión Informativa do PXOM e lles daremos conta aos compoñentes desa comisión.

Sr. voceiro do BNG: ben, pero será unha comisión informativa para algo mais que para que nos dea unha clase sobre urbanismo, ¿non?.

Sra. alcaldesa: si, será unha comisión para tratar, sobre todo, do contrato actual de redacción do PXOM.

Sr. voceiro do BNG: xa levamos un ano deste mandato, aínda non se rescindiu o contrato coa empresa e é outra das cousas importantes para o futuro de Bergondo. Sen Plan Xeral non hai proxecto de futuro para Bergondo, é inflúe en todo; eu quero dicir que isto si que é importante e inflúe. Os datos do paro en Bergondo din que no ano 2011 foi o concello que liderou a creación de paro e a destrución de emprego da area metropolitana, cun 18 por cento, no ultimo mes Bergondo case dobra ao segundo concello que mais destrúe emprego, que é Abegondo cun 4,8 por cento. Polo tanto, isto non é casualidade, cando xa levamos un ano e cinco meses con eses datos, non son casualidades; entre outras cousas é porque temos parados instrumentos como o Plan Xeral, que xera economía.

Sra. alcaldesa: Sr. concelleiro, a min paréceme moi ben que vostede aproveite un Pleno para dicir e mesturar *churras con merinas*, por dicilo dunha forma coloquial. O paro non sobe porque non haxa un Plan Xeral aprobado, por suposto que un Plan Xeral axuda á creación de emprego e, sobre todo, ás zonas industriais que tan necesarias son aquí no concello, pero á día de hoxe, onde precisamente se pecharon algunha empresas das mais importantes foi onde xa hai un solo industrial, que é no Polígono.

Se no seu momento en Bergondo, estas circunstancias fixeron que aumentara o paro neste último ano, é porque precisamente viñamos dunha situación moi boa onde a taxa de desemprego era moi baixa comparada cos concellos que están arredor nosa.

Eu entendo que vostede queira afondar un pouco mais nas preguntas, e estou de acordo en que o Plan é fundamental, pero en Galicia hai poucos Plans aprobados e o desemprego o hai igual.

Sr. voceiro do BNG: mire, non lle admito que me diga o que teño que dicir, eu digo aquí o que quero, e ten relación. O Plan Xeral ten relación, como ten relación o inventario, como teñen relación todo tipo de incapacidades para levar adiante este tipo de proxectos dun goberno local, para que nese concello, casualmente, se duplique a media de creación de paro do resto da comarca, claro que ten relación. Eu digo aquí o que quero non me vai dicir vostede o que vou dicir, e o Plan Xeral levamos un ano só para rescindir o contrato; a este ritmo ¿cando imos ter Plan Xeral?, claro que é importante.

Sra. alcaldesa: Sr. concelleiro, vostedes votaron en contra fai dous anos.

Sr. voceiro do BNG: si señor, porque era un mal Plan para os veciños e non temos que votar a favor.

Sra. alcaldesa: non aproveitaron vostedes esa situación.

Sr. voceiro do BNG: perdoe, estou falando eu, non me interrompa.

Sra. alcaldesa: vostede fala se eu lle dou a palabra.

Sr. voceiro do BNG: pero doume a palabra e non me pode interromper.

Sra. alcaldesa: Sr. concelleiro pase á seguinte pregunta.

Sr. voceiro do BNG: non llo admito, estou falando eu, se me da a palabra tenme que deixar falar.

Sra. alcaldesa: ten vostede a palabra, remate; eu son quen dirixe o Pleno, remate.

Sr. voceiro do BNG: levamos pedindo que se acelere o Plan Xeral e xa con bastante paciencia que temos, cando vostede, se non ten vontade ou non ten capacidade, é problema seu, pero eu estou expoñendo aquí as razóns polas cales o Plan Xeral é importante para Bergondo, daquela non pode vostede falar con desprezo cara as palabras de calquera membro da Corporación que está expoñendo os seus argumentos. Nada mais.

Sr. concelleiro de infraestruturas, medio ambiente e vías e obras, F. Manuel Fafián Torreiro: se me permite, que me sento aludido.

Sra. alcaldesa: non Sr. concelleiro, por favor llo rogo, senón nos enquistamos nunha pregunta. Seguinte pregunta, por favor.

## 2) *Informe do camiño de acceso á Fonte das Leiras.*

Sra. alcaldesa: o martes estará aquí o informe.

Sr. voceiro do BNG: nos alegramos, non foi sen tempo tampouco; fai dous anos cando chegou aquí a primeira comunicación por parte dos veciños, a ver se é certo.

3) *Regulamento de participación cidadá. Estado e tramitación na actualidade.*

Sra. alcaldesa: está aínda pendente.

Sr. voceiro do BNG: tamén hai fechas disto.

Sra. alcaldesa: si, xa sei que hai fechas.

Sr. voceiro do BNG: fai cinco anos que se aprobou.

Sra. alcaldesa: e eu dígolle que aínda está pendente.

Sr. voceiro do BNG: no 31 de xullo de 2008, palabras textuais, vostede dixo, “aínda non está feito pero é algo no que seguimos a traballar e ademais tiñamos que consensuar cos outros grupos, esperamos retomalo canto antes”.

Sra. alcaldesa: efectivamente.

Sr. voceiro do BNG: moi ben, pois aí queda; e despois, no último pleno do ano 2011, lle contestou a Juan Fariña, “no último pleno xa lle dixemos que en xaneiro”; con ese ton tan democrático que ten vostede, lle dixo “xa lle dixen que en xaneiro”.

Sra. alcaldesa: efectivamente, con ese ton democrático.

Sr. voceiro do BNG: estamos en maio, e aínda non vimos ningún borrador.

Sra. alcaldesa: non.

Sr. voceiro do BNG., ben, o Regulamento de participación cidadá non é inventar ningunha quimera, aprobouse e se está a levar a cabo en moitos concellos de Galicia, non é nada complicado; non hai vontade para aprobalo.

4) *Nacional VI ao seu paso por Cortiñán. Cando comezarán as obras de mellora de seguridade viaria comprometidas por Fomento para este tramo?*

Sra. alcaldesa: o último que lle dixen no anterior pleno, nos temos esa confianza por parte de Fomento de que no momento en que obteñan dispoñibilidade presupostaría acometan as obras que están comprometidas.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:

A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez